



CONCURSO PÚBLICO PARA A ADXUDICACIÓN, EN COMPRAVENDA OU DEREITO DE SUPERFICIE, DE LOTES DE PARCELAS DE SOLO RESIDENCIAL PROPIEDAD DO INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO NO POLÍGONO 1 DE SAN PAIO DE NAVIA (VIGO), CON DESTINO Á CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA PROTEXIDA.

EXPEDIENTE: SR25-P-VIGONAV-1-ECV

ACTA DE CONVOCATORIA DO SORTEO LOTE 1

ORDE DO DÍA:

1. Constitución da Mesa de contratación.
2. Comprobación dos admitidos no Lote 1 (acceso directo)
3. Convocatoria do acto de sorteo

1. CONSTITUCIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN.

Data:	09/12/2025	Hora:	09:10h
Lugar:	IGVS-Polígono de Fontiñas, Área Central S/N, 15702 - Santiago de Compostela en modalidade telemática		

No lugar, día e hora sinalados, constitúese a Mesa de Contratación, de xeito telemático, para proceder a tratar os asuntos na orde día enriba sinalada, coa participación dos seguintes membros:

PRESIDENCIA	Alberto Eiras Martínez	Xefe da Unidade Xurídico-Administrativa do IGVS.
VOGAIS	Roberto Barcia Casanova	Letrado. Asesor Xurídico do IGVS
	M ^a Sagrario Roel Alonso	Xefa de Servizo-Representante da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia
	Alberto Feijoo Rodríguez	Xefe da Oficina Técnica de Solo do IGVS
SECRETARÍA	José Luis Montero Senra	Xefe do Servizo de Contratación do IGVS

2. COMPROBACIÓN DOS ADMITIDOS NO LOTE 1 (ACCESO DIRECTO)

Primeiramente, procédese pola Mesa de contratación á revisión do contido das Actas da Mesa de contratación de 8 de xullo do 2025 (de apertura do Sobre A dos Lotes 1 a 9), e de 9 de setembro do 2025 (de apertura do Sobre B dos Lotes 2 a 9).

A Mesa comproba que, no que respecta ao Lote 1 do procedemento, as seguintes persoas solicitaron participar, e foron admitidos no procedemento de adxudicación de parcelas por acceso directo:

Titulares admitidos	Dereito exercido	Régimen (xeral, especial ou concertado)	Forma de adxudicación
MARÍA ROSA LÓPEZ QUIROS	Dereito 1	Concertado	Compravenda
BEGOÑA ALONSO ALONSO	Dereito 1	Concertado	Compravenda
MARÍA JOSEFINA LEMOS ALONSO	Dereito 1	Concertado	Compravenda





ALFONSO CARLOS CRESPO MONTENEGRO	Dereito 1	Xeral	Compravenda
	Dereito 2	Especial	Compravenda

3. CONVOCATORIA DO ACTO DE SORTEO

A Mesa de contratación, constata que o epígrafe 7.4.2 (Proposta de adxudicación no proceso de acceso directo) do Prego de Bases do concurso, establece o seguinte:

"7.4.2.- Proposta de adxudicación no proceso de acceso directo

A proposta de adxudicación, realizarse de conformidade coas seguintes regras:

Primeira. As parcelas do lote 1 contan cunha numeración correlativa, da 1 ata a 13.

Segunda. O número de parcelas dispoñibles das reflectidas no lote 1, comezando pola primeira e en orde correlativa, será equivalente ao número de dereitos de adquisición preferentes que se exerciten.

Terceira. A Mesa realizará un sorteo entre os titulares admitidos para establecer unha prelación entre eles, a cal determinará a orde de elección das parcelas previstas na regra segunda.

Cuarta. O exercicio por cada un dos titulares de dereitos permitirá elixir unha parcela das indicadas na regra segunda, sempre que non fora elixida con anterioridade."

A Mesa á vista do establecido na regra terceira do epígrafe 7.4.2, acorda por unanimidade dos seus membros, **convocar o acto do sorteo** entre os titulares admitidos para o día **22 de decembro de 2025** ás **10:00 horas**, na Sala de Xuntas do Servizo de Contratación do IGVS, emprazado no cuarto andar do IGVS en Área Central, Polígono de Fontiñas, Santiago de Compostela.

Ao acto do sorteo poderán asistir os titulares admitidos, debendo comunicar a súa intención de asistir con 24 horas de antelación ao dito acto, a través dunha comunicación no seguinte enderezo de correo: contratacionigvs@xunta.gal

Por último, o Presidente levanta a sesión e dá por rematado o acto.
Asínase electronicamente a presente acta.

O PRESIDENTE

Alberto Eiras Martínez

O SECRETARIO

José Luis Montero Senra

